

## O ESTADO DE SAÚDE DO NOSO LITORAL, AO DETALLE NA REDE GRAZAS AO GRUPO ECOTOX (UVIGO)

🕒 mércores, 9 de marzo do 2016 👤 Redacción

Dende 2013 [está operativa para a comunidade investigadora e para os internautas en xeral unha ferramenta tecnolóxica que permite verificar o estado de saúde das nosas augas litorais](#).

Trátase do [visor cartográfico](#) xestionado polo grupo de Ecotoxicoloxía da Universidade de Vigo, Ecotox, que dirixe o catedrático Ricardo Beiras. A ferramenta, que acubilla datos de case medio cento de publicacións científicas, leva

preto de catro anos suplindo con compromiso medioambiental e vontade científica, en palabras dos seus impulsores, “a falta de recursos tecnolóxicos da administración pública que acheguen de xeito inmediato e xeorreferenciado datos de vertidos e do estado da contaminación química das augas galegas”.

Máis polo miúdo, a plataforma fornece acceso a información de contaminación química sobre metais, hidrocarburos e probas de ecotoxicidade na costa galega, desde 1997 ata a actualidade, agrupadas en capas, por períodos de cinco anos. Publicacións científicas e informes sobre contaminación mariña no litoral galego, así como traballos non publicados polo propio grupo Ecotox, son as dúas fontes das que proceden os datos utilizados polo visor, [ao que se pode acceder a través do portal web do equipo de investigación](#).

Segundo informan os responsábeis do recurso, este está integrado nunha infraestrutura de datos espaciais e, en virtude disto, o visor proporciona información sobre o estado químico das augas costeiras empregando as directrices marcadas no programa de seguimento do convenio Ospar sobre a protección do medio mariño do Atlántico Nordeste. Segundo explica Raimundo Blanco, investigador de Ecotox, “hoxe en día a información xeorreferenciada en liña está a substituír os mapas e forma parte da nosa vida diaria, dende os teléfonos móbiles, aos navegadores dos coches”.

### Funcionamento

Unha vez que accedemos ao portal de Ecotox podemos entrar directamente a través do apartado [accede ao visor](#) ou ben dirixirnos ao menú [xeoportal-visor cartográfico](#). Neste caso, na paxina visor cartográfico, atoparemos unha descrición dos datos e dos criterios que se están a usar no visor. O visor presenta tres áreas: o mapa; o panel de navegación superior e o panel lateral de capas (*layers*), no que están as capas cos contaminantes e a súa lenda. No mapa a información preséntase en forma de puntos de cores, cunha escala que vai do azul (mellor estado) ao vermello (peor estado). Premendo en cada punto (coa ferramenta *identify* do panel superior) accedemos aos datos numéricos.

0 comentarios


Ordenar por: Oldest ▾



Engadir un comentario...

Facebook Comments Plugin

### ARTIGOS DA MESMA SECCIÓN




### PUBLICIDADE



Revista en PDF:



[Descárgaa xa](#)



Centro de Investigación en Tecnologías de la Información y las Comunicaciones

